

A devoción popular no Santuario do S. Xián (S. Julián) de Baltar (A Pastoriza, Lugo)

José Manuel Blanco Prado ¹

RESUMO

Neste traballo preténdese levar a cabo unha análise sobre o santuario do S. Xián (S. Julián), situado na parroquia do S. Pedro Fiz de Baltar, concello de A Pastoriza, arceprelado de Azúmara e diócese de Mondoñedo- O Ferrol.

A festividade do S. Xián (S. Julián) celébrase catorce semanas despois do martes de Antroido, coincidindo sempre en martes, día no que acoden bastantes devotos pertencentes a diferentes comunidades coa finalidade de cumpriren diversas promesas ó santo, logo de que lles concedeu as rogativas desexadas ou no intre de pedilas. Entre as promesas máis salientables distinguimos, entre outras, as seguintes: oír misas, poñe-lo santo, levar a cabo o ritual de circunvalación ó redor do recinto sagrado, participar na procesión, ofrecer misas, levar candeas e velóns, entregar unha esmola en metálico etc.

RESUMEN

En este traballo se pretende levar a cabo un análisis sobre el santuario de S. Julián, situado en la parroquia de S. Pedro Fiz de Baltar, municipio de A Pastoriza, arceprelado de Azúmara y diócesis de Mondoñedo-El Ferrol.

La festividad de S. Julián se cele-

bra catorce semanas después del martes de Carnaval, coincidiendo siempre en martes, día en el que acuden bastantes devotos pertenecientes a diferentes comunidades con la finalidad de cumplir diversas promesas al santo, luego de que les concedió las peticiones deseadas o en el momento de pedir las. Entre las promesas más resaltables distinguimos, entre otras, las siguientes: oír misas, poner el santo, realizar el ritual de circunvalación alrededor del recinto sagrado, participar en la procesión, ofrecer misas, llevar velas y velones, entregar una limosna en metálico etc.

I. O CONCEPTO DA DEVOCIÓN POPULAR.

Sobre este concepto hai moita confusión e ambigüidade. Así, faláse do catolicismo popular, da relixión popular, da fe popular etc. Isto é a razón de que sexa difícil definir a relixiosidade do pobo, xa que é un mundo de sentimentos, vivencias, ritos, expresións prácticas...². De tódolos xeitos a relixiosidade da cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten as súas características. Cada comunidade posúe o seu peculiar modo de viví-la fe e de manifestala. A relixiosidade popular vai ligada a elementos folclóricos e populares xa que son expresións da identidade dun grupo. “Una religiosidad es popular



Vista exterior do Santuario do S. Xián (S. Julián)
Baltar - A Pastoriza

¹ Doutor en Historia e profesor de Filosofía do I.E.S. “Xoán Montes” de Lugo.

² TOSCHI, P. *Guida allo studio della tradizione popolari. Serie de Antropología, etnología e religione*. 5ª ed. Boringheri (Torino): 1974, páx. 24.

³ BOROBIO, P. *Religiosidad popular en la renovación litúrgica. Criterios para una valoración*. Barcelona: Phase 89, 1975, páx. 347.

cuando se configura con ese pueblo y expresa el sentir del mismo”³. É parte da cultura, dun xeito de pensar e de vivir. Polo tanto, para estudiala hai que ter en conta o pasado e o que actualmente lle rodea, as circunstancias do lugar e o estilo das xentes. Como viviron o cristianismo, que é o que herdaron dos séculos pasados, que é o que cada unha das xeracións recibiu e aportou. É popular o que o pobo crea. Tamén o que recibe, asimila e fai propio⁴. Polo tanto, a relixión de cada grupo humano é unha especie de colección viva de cantos, ritos, vivencias, que un pobo vai reunido ó longo da súa historia.

Por outra banda o fenómeno relixioso popular tenta buscar co divino unhas relacións máis simples, directas e rentables. Isto fai posible que a devoción popular estea en contacto coa plástica simbólica en contraposición ó abstracto. “...la religiosidad popular comporta con frecuencia una reacción anti-intelectualista, y a su vez, la creación de otros lenguajes más cercanos a su mundo y su mentalidad”⁵. Tamén as expresións relixioso-populares son a manifestación da emotividade persoal y responden ó desexo e á necesi-

sidade da intimidade có ser sagrado. Finalmente os devotos nas súas relacións có sagrado adoptan unha postura pragmática de tal xeito que a petición dunha serie de rogacións sigue sendo unha característica básica da relixiosidade popular. “Reliquias, medallas, aguas sagradas, imágenes de devoción, tienen como fin atraer el poder divino y ponerlo a favor del creyente”⁶.

II. A NOCIÓN DO SANTUARIO.

O santuario é un sitio de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial ó que veñen devotos non só da comunidade parroquial, na que se sitúa o recinto sagrado, senón tamén doutros lugares, para pregar á divindade a concesión dunha serie de rogativas de base material – recobrar a saúde, boas colleitas...- e algunhas de base espiritual. Logo de que a divindade lles outorgou as rogativas requiridas acoden para levarlle a cabo as promesas ofrecidas.

“ Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva”⁷. “ El santuario es el punto de referencia o



Os devotos poñen candeas e velóns acesos no interior da capela.

término al que los romeros dirigen sus aspiraciones físicas y espirituales”⁸. Nos santuarios se venera á divindade representada por Xesús, Cristo (Eccehomo) e a unha serie de intercesores como distintas advocacións da Virxe e diferentes imaxes de santos. “ Los espacios sagrados son construidos, a partir de la irrupción de las hierofanías, como centros del mundo o ejes del mundo que nos conectan con Dios”⁹. Os santuarios adquiriron unha devoción popular cando as súas imaxes se amosaron propiciatorias ante moitas peticións. “ Un santuario se distingue por la

⁴ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo. *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid: B.A.C., 1976, páx. 36.

⁵ CACHEDA VIGIDE, Eduardo Aurelio. *La Religiosidad Popular en Galicia. El municipio de Arzúa*. Santiago: Edicións e Deseño S.L., 1991, páx. 289.

⁶ BASURKO, Xavier. “ Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*, II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P. Vasco, Vitoria, 1982, páx. 308.

⁷ PRA I CAROS. “ Los santuarios marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *La Religiosidad Popular, III. Hermandades, Romerías, Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

⁸ RODRÍGUEZ BECERRA, Salvador. “ De ermita a santuario: reflexiones a partir de algunos casos de Andalucía”, en *Romarias e Peregrinacións*. Actas do Simposio de Antropoloxía, Consello da Cultura Galega, Santiago, 1993, páx. 111.

⁹ AGUIRRE BAZTÁN, Ángel. “ La redefinición del tiempo en las peregrinaciones”, en *Romarias e Peregrinacións*. Actas do Simposio de Antropoloxía. Consello da Cultura Galega, Santiago, 1993, páx. 101.

*devoción de la gente y no por una característica histórica o artística inherente al edificio o institución*¹⁰. “*El Santuario es un lugar de culto que atrae romeros en ámbito superior al local*”¹¹. Os santuarios son espazos da divindade e que entrañan certo misterio. “*El santuario es un lugar santo, en que el hombre se encuentra con lo numinoso, lo sobrenatural, la divinidad*”¹². Xosé Antón Miguélez na análise que fai sobre os santuarios distingue os seguintes elementos: “*a vivencia do social vencellado a uns lugares e obxectos concretos; o predominio da emoción sobre a racionalidade; a cosmovisión estática e non histórica, e o carácter popular pouco institucionalizado*”¹³.

III. O SANTUARIO DO S. XIÁN (S. JULIÁN) DE BALTAR.

1. A LOCALIZACIÓN.

1.1. NO ÁMBITO PARROQUIAL E MUNICIPAL.

O santuario está emprazado nun lugar coñecido como S. Julián, pertencente á parroquia do S. Pedro Fiz de Baltar, concello da Pastoriza, arceprelado de Azúmara e diocese

de Mondoñedo-O Ferrol. Da capital do concello, que é A Pastoriza, hai unha distancia duns sete km.

A parroquia do S. Pedro Fiz ten as seguintes entidades de poboación: Anllo, Baltar, Espiñeira e Saa¹⁴.

1.2. NO ÁMBITO PROVINCIAL.

O concello da Pastoriza está ubicado no noreste da comarca lucense da Terra Chá, caracterizada pola súa planitude topográfica, condicionante da maior parte dos seus rasgos socioeconómicos. A Pastoriza é un municipio caracterizado por ser unha zona de transición entre a chaira e a alta montaña lucense, de clima oceánico con matices continentais, cunha altitude media de 510 metros. Ocupa unha superficie de 175 Km², cunha poboación de 4.143 habitantes, segundo datos municipais de 1999, repartida en 199 barrios e 19 parroquias: A Aguarda, Álvarez, Baltar, Bretoña, Cadavedo, Crecente, Fomiñá, Gueimonde, Lagoa, Lobo-so, Pastoriza, Pousada, Reigosa, A Regueira, Saldanxe, San Cosme de Piñeiro, San Martiño de Corvelle, Úbeda e Vián¹⁵.

A capital municipal enclavada na parroquia de Pastoriza dista 42 Km. da capital provincial (Lugo) e



Unha devota prégalle ó santo a concesión dalgunha rogativa

23 da capital do Partido Xudicial e da Diocese (Mondoñedo).

Ó norte linda cos concellos de Abadín e Mondoñedo, ó sur con Pol e Castro de Rei, ó leste con Meira e Riotorto e ó oeste con Abadín e Cospeito¹⁶.

2. CARACTERES ARTÍSTICOS DO SANTUARIO.

Trátase dunha pequena edificación de planta rectangular, cos muros de cachotería de pizarra e a cuberta co mesmo material a dúas augas. Nos últimos anos sufriu varias restaura-

¹⁰ WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr. “De los Santos a María. Panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la E. Media hasta nuestros días”, en *Temas de Antropología española*. Ed. de Carmelo Lisón Tolosana, Akal, Madrid, 1976, pág. 86.

¹¹ CEBRIÁN FRANCO, Juan José. *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*. Santiago: Arzobispado de Santiago de Compostela, 1982, pág. 6.

¹² DIEZ TABOADA, Juan María. “La significación de los santuarios”, en *La Religiosidad Popular, III. Hermandades, Romerías y Santuarios*. C. Álvarez Santalo, María Jesús Buxo y S. Rodríguez Becerra (Coords), Anthropos, Barcelona, 1989, pág. 269.

¹³ MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón. “Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas”, en *Estudios Mindonienses*. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol. Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol y Publicaciones de Caixa Galicia, T. 2, pág. 248.

¹⁴ “BALTAR, S. Pedro Fiz de”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. III, 1974, pág. 52.

¹⁵ Denominacións das parroquias segundo o Nomenclátor oficial da Xunta de Galicia correspondente á provincia de Lugo, aprobado por Decreto do 7 de xaneiro do 2000.

¹⁶ ÁLVAREZ CAO, Charo. “A Pastoriza”, en *Galicia, pueblo a pueblo*, 1974, páxs. 1005-1007.



O crego da parroquia, onde está situado o santuario, realiza o ritual de "poñe-lo santo"

cións que lle restaron o seu valor arquitectónico.

No seu interior conta cun retablo popular con dúas tallas de San Xián, unha que data do século XVII e outra do XVIII, outro Santo bastante deteriorado que semella outro San Xián, do século XVI, unha pequena talla da Virxe da Inmaculada, un Santo freire e unha pequena talla do San Xián, de impoñer, do século XVII. Outro dos bens con valor que hai no seu interior é unha campaniña de bronce do século XVI con relevos e inscrición gótica¹⁷.

3. LENDA SOBRE A ORIXE DO SANTUARIO.

A nivel popular hai a seguinte lenda que tenta explicar o emprazamento actual do santuario do S.

Xián (S. Julián). “Hai moitos anos algúns veciños de Baltar encontraron a imaxe do santo a carón da fonte e levárona para a igrexa parroquial, lugar onde se atopaba. Logo seguiu aparecendo varias veces no mesmo lugar, e os veciños volvíana a traer para a igrexa, ata que decidiron construírlle unha capela no lugar de aparición”¹⁸. Este tipo de lendas tiñan como finalidade crear a sacralización histórica dunha imaxe e dun lugar, utilizándose nalgúns casos como barreira na memoria popular para esquecer o culto pagán que se levou a cabo na súa orixe naquel lugar. Tanto o mito coma a lenda teñen- segundo González Reboredo- “un carácter utilitario y trascendente, transmitiendo conceptos fundamentales de la cosmovisión del

grupo social en el que se generan y difunden”¹⁹. Os lugares de aparición, moitos dos cales encóntranse alonxados das poboacións, no campo e no monte, foron valorados como lugares de culto por medio de lendas. Nestes lugares as comunidades respectivas cambiarion o espacio, construíndo dun xeito permanente santuarios²⁰. Isto determinou a futura función de tales espacios e amosou a profunda transformación que a manifestación dunha imaxe implica. “Inzan as lendas encol das ermidas sobor da súa orixe como aparición dunha imaxe que, cando se quere levar para outro lado, desaparece e xurde de novo



O crego da parroquia, cunha imaxe pequena do S. Xián e da Virxe de Cabeza, fai unha cruz por riba da cabeza dos devotos, que bican ditas imaxes, mentres o poñente recita unha xaculatoria

¹⁷ RIELO CARBALLO, Nicanor. “Capilla de San Xulián do Monte. Baltar-Pastoriza”. *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, 1975. Tomo I. Páxs. 168-169.

¹⁸ Emérito Darriba Castro. Informante de Prevesos (Castro de Rei).

¹⁹ GONZÁLEZ REBOREDO, J.M. *Lendas galegas de tradición oral*, Vigo:Ed. Galaxia, 1983, páx. 8.

²⁰ VELASCO MAILLO, Honorio M. “Las leyendas de hallazgos y de apariciones de imágenes. Un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local”, en *La Religiosidad Popular II. Vida y Muerte. La Imaginación Religiosa*. Cords. C. Álvarez Santaló, María Jesús Buxó y S. Rodríguez Becerra. Anthropos. Barcelona, 1989, páx. 402.

no mesmo lugar, indicando os desexos de que alí sexa onde erga a ermida.”²¹. Por outra banda o valor de conformidade destas lendas non podería ser discutido sen cuestionar o mesmo tempo a credibilidade da comunidade, xa que esta convírtese en testemuña comprometida dunha verdade de fe local, particularizada²².

4. OS DÍAS DA FESTIVIDADE E A PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DOS DEVOTOS.

A festividade do S. Xián (S. Julián) celébrase catorce semanas despois do martes de Antroido, coincidindo sempre en martes. Acoden devotos non so de diferentes parroquias da Pastoriza, senón tamén doutros concellos como Castro de Rei, Cospeito, Meira, Mondoñedo, Pol, Riotorto etc. Polo tanto este santuario, ó igual que o da Trindade (Vián), ten unha influencia que traspasa os límites parroquiais e municipais.

5. AS PETICIÓNS POR PARTES DOS DEVOTOS.

En xeral os devotos ofrécese por si mesmos ou para acadar algunha intercesión para outras persoas, que non podían vir ó santuario por algunha doenza. Entre as peticións máis específicas sinalo as seguintes:



Na parte posterior do altar do santuario hai unha superficie oca, pola que pasan aínda algúns devotos encollidos coa finalidade de curar as doenzas reumáticas

1º. Por doenzas humanas, relacionadas con diversas partes do corpo humano: brazos, cabeza, ollos, pel, pernas... “*Alguns devotos veñen por doenzas da vista, verrugas nas maos e outras enfermidades*”²³. No santuario encontrase a Virxe da Cabeza á que veñen ofrecidos moitos devotos do Arneiro (Cospeito), onde a devandita advocación e a patroa do lugar. “*Hai devotos que veñen ofrecidos por enfermidades da cabeza; tamén polos oídos e ollos*”²⁴.

2º. Por doenzas de animais. Antano os devotos do S. Xián viñan con vacas e andaban arredor da capela. Na actualidade aínda hai algúns devotos que acoden a pregar ó santo a curación dalgúns animais: vacas, cochos. “*Eu aínda sigo vindo desde*

hai moito tempo por enfermidades de animais...”²⁵. De tódolos xeitos a maioría dos devotos acoden ofrecidos por doenzas humanas. “*O S. Julián é un santiño dos animais, aínda que se ofrecen máis por doenzas humanas*”²⁶.

Polo tanto os devotos pregan ó santo a súa intercesión para a curación de distintas doenzas humanas e na actualidade menos para as doenzas de tipo animal.

6. AS PROMESAS OFRECIDAS Ó SANTO.

A unidade básica de relación entre o devoto e a imaxe sagrada para resolver unha serie de problemas é a promesa. Esta consiste normalmente nun contacto directo e sagrado de forza

²¹ TABOADA CHIVITE, Xesús. *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo: Galaxia, 1972, páxs. 182-183.

²² VELASCO MAILLO, Honorio M. *Ob. cit.*, páx. 409.

²³ Informante de Prevesos (Castro de Rei).

²⁴ Informante: María Josefa Vázquez.

²⁵ Informante da Ponte de Outeiro (Castro de Rei).

²⁶ Informante de Baltar (A Pastoriza).

moral entre a persoa e Deus por medio de Cristo ou dunha serie de mediadores como son as diferentes advocacións da Virxe e os santos. “Para chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxe...”²⁷. A promesa a divindade reproduce dun xeito claro o sistema social vixente no que alguén fai algo a cambio dunha posterior axuda cando chegue o momento axeitado. “El intercambio de dones entre una persona y un ser sagrado es algo universal



Na fonte do santo, algúns devotos lavan cuns panos aquelas doenzas relacionadas coa pel, ollos, osos, etc

y fuertemente vinculante”²⁸. Neste santuario podemos distinguir tres modelos de relación entre os devotos e as imaxes de devoción:

1º. A promesa xeralmente é condicional, é dicir, a imaxe de devoción concede a petición ó devoto e logo este leva a cabo a promesa; trátase dun cumprimento “a posteriori”. Este tipo de promesa recibe os nomes de “Ofrenda condicionada”²⁹ e “Petición Condicional”³⁰.

2º. Algúns devotos veñen pregar a mediación da imaxe de devoción ante un problema determinado, executando unha serie de rituais e ofrendas. Neste caso os diferentes rituais e ofrendas, que os devotos cumpren, teñen lugar antes de que lles sexa concedida a petición. Este tipo de promesa recibe os nomes de “Ofrenda propiciatoria”³¹ e “Devoción Peticionaria”³².

3º. Finalmente hai devotos, que acoden tódolos anos por algunha rogativa concedida pola imaxe de devoción noutrora. A este tipo de promesa dásele tamén o nome de “Ofrenda de acción de gracias”³³. “Eu veño todos os anos a misa por unha promesa concedida por o Santo fai moitos anos”³⁴.



Estas figuras de cera eran levadas ó santuario polos devotos en testemuña do seu agradecemento pola influencia benéfica que o santo exerceu na cura de diferentes doenzas humanas

As promesas máis frecuentes, que se realizan nestes recintos sagrados, son as seguintes: A realización dos diferentes rituais, vinculados ós santuarios, que segundo o grao de participación dos devotos teñen un carácter colectivo ou individual. Arnold Rose sinala que os rituais distínguense polos seguintes elementos:

1. Posúen unha regularidade e periodicidade ó estar relacionados con certas festas.
2. Teñen sentido para certo número de persoas.

27 MOREIRAS SANTISO, Xosé. “A relixiosidade popular no sector rural”, *Rev. Encrucillada*, nº 9, Vigo, 1978, páx. 64.

28 MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Las Romerías/Peregrinaciones y sus simbolos*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1987, páx. 272.

29 GONDAR PORTASANY, Marcial. “Racionalidad campesina y Relativismo cultural”, *Antropología y Racionalidad*, Santiago, 1980, páx.60.

GONDAR PORTASANY, Marcial. *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1993, páx. 153.

30 WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr. *Religiosidad popular. Estudios antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134.

31 GONDAR PORTASANY, Marcial. *Ob. cit.* 1980, páx. 60.

GONDAR PORTASANY, Marcial. *Ob. cit.* 1993, páx. 154.

32 WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr. *Ob. cit.* 1978, páx. 134.

33 GONDAR PORTASANY, Marcial. *Ob. cit.*, 1980, páx. 60. IDEM. *Ob. cit.* 1993, páx. 154.

34 Informante da Pousada (A Pastoriza).



Os devotos, logo de lavarse as diferentes doenzas dos seus corpos, deixan os panos por riba das silvas, habendo a crenza de que axiña que os panos vaian podrecendo as doenzas das persoas, que realizaron o ritual, ira desaparecendo

3. Soen presentarse dun xeito dramático.

4. Producen “consensus” de sentimentos mediante unha experiencia participativa³⁵.

1. OS RITUAIS COLECTIVOS.

1.1. A CELEBRACIÓN DE MISAS.

Neste recinto sagrado son oficiadas varias misas durante a mañá por cregos de freguesías contiguas.

A unha da tarde ten lugar a misa solemne concelebrada polos cregos das parroquias de Aldurfe (Riotorto), Ludrio e Vilaboa (Castro de Rei) e A Rigueira (A Pastoriza)³⁶. A misa resulta ser un momento de máxima tensión devocional. Tentan seguila o maior número de devotos a pesar dos inconvenientes que poida ocasional o encontrar un lugar axeitado³⁷.

1.2. O RITUAL DA PROCESIÓN.

En rematando a misa solemne, lévase a cabo a procesión, que percorre o perímetro do santuario. Nalgúns recintos sagrados de Quiroga³⁸, Pantón³⁹, Sober ... a procesión lévase a cabo antes da celebración da misa solemne.

Na procesión interveñen os seguintes elementos:

1º. A cruz e o pendón parroquial levados por fregueses da comunidade parroquial.

2º. Dúas imaxes do S. Xíán levadas nas andas por devotos da parroquia dambolos dous sexos.

3º. Os cregos concelebrantes.

4º. Os asistentes ó ritual colocados sen distinción de idade e sexo.

As imaxes, que saen na procesión, santifican o espacio que

percorren, proporcionando unha enerxía positiva a tódolos seres, tanto persoas como animais, que se encontran en dito espacio. “*Dando una vuelta alrededor del santuario, la imagen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y a los animales, sino también a todo el entorno geográfico*”⁴⁰. Segundo a disposición da procesión, Álvarez Gastón distingue unha serie de características: “*Se trata de manifestaciones más multitudinarias no sólo por los participantes activos, sino también por los numerosos espectadores. Dentro de la comunidad local es algo que llega vitalmente a los feligreses. Los elementos fundamentales de toda procesión son: las imágenes, la forma de llevarlas, el pueblo que participa y el que mira, el espíritu de la celebración –cantos, rezos, silencio...*”⁴¹. Las procesiones son como un ritual de peregrinación menor. Guiada por la cruz procesional seguida de los estandartes, la comunidad eclesial camina a través de las calles, como dramatización de la historia sagrada, como exaltación epifánica, pero, sobre todo, como ritual de camino penitencial y salvífico⁴².

³⁵ “Rituais”, *Antropológica*, Instituto de Antropología de Barcelona, nº 6, 1977, páx. 99.

³⁶ Ano 1999.

³⁷ GONZALEZ REBOREDO, Xosé M. *Guía das Festas Populares de Galicia*. Vigo: Ed. Galaxia, 1997, páx. 132.

³⁸ BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. “La devoción popular en el Santuario de la Ermida (Quiroga)”, en *Lucus*, Boletín Informativo da Deputación de Lugo, nº 42, 1994, páxs. 35-37.

³⁹ BLANCO PRADO, José Manuel. *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1996, páx. 134.

⁴⁰ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.* 1987, páx. 175.

⁴¹ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo. *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid: B.A.C, 1976, páxs. 91-92.

⁴² AGUIRRE BAZTÁN, Angel. *Ob. cit.* 1993, páx. 107.

2. OS RITUAIS DE PARTICIPACIÓN INDIVIDUAL.

2.1. O RITUAL DE VIR ANDANDO Ó SANTUARIO.

Hai anos bastantes devotos acudían ó santuario andando desde o seu lugar de orixe, ben dun xeito normal ou descalzos e de xeonllos, como sacrificio previo antes de entrar en contacto co sagrado. Na actualidade, aínda que a maioría fan a viaxe en coches particulares, segue habendo pervivencias deste ritual. Así pódese apreciar como hai devotos, que veñen caminando desde distintas entidades de poboación pertencentes preferentemente ós concellos de Castro de Rei e A Pastoriza.

2.2. OS RITUAIS DE CONTACTO.

O desexo de todo devoto é entrar en contacto coas imaxes e demais elementos e obxectos vinculados ó santuario, xa que o sagrado proxecta a súa cualidade, sacraliza.

Entre os rituais de contacto máis habituais sinalamos os seguintes:

2.2.1. O RITUAL DE POÑE-LO SANTO.

Este ritual consiste en que o crego, encargado do santuario, realiza, cunha imaxe pequena do Santo

e da Virxe⁴³, unha cruz por riba da cabeza dos devotos, quenés bican dita imaxe e deixan unha esmola nunha bandexa ou boeta, situada ó caron do poñente, mentres este recita unha xaculatoria. As oracións que se empregan e utilizaron noutros intres son as que sinalo a continuación:

“Cristo vive, Cristo reina, y Cristo te libre de todo mal. Amén”.

“Cristo vive, Cristo reina, S. Xulián te libre de todo mal. Amén”.

“Cristo vive, Cristo reina, S. Julián por medio del te libre de todo mal. Amén.”

“Cristo vive, Cristo reina, La Virgen de la Cabeza te libre de todo mal. Amén”.

Nestas fórmulas sagradas, que acabamos de mencionar, podemos apreciar como o Santo e a Virxe actúan como mediadores diante dun ser absoluto e transcendente. *“... Para chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoas, o galego bota man dos santos e da Virxen...”*⁴⁴.

Este ritual emprégase en moitos santuarios galegos. *“En moitos santuarios milagreiros hai o costume de “ponle-o santo”. Van a que llo toquen os enfermos para sandar, e os sanos para que nos lles deas enfermédá. Para esto hai unha imaxe pequena do santo; o devoto*



*ponse de xeonllos, e o sacristán, as máis das veces, colle a imaxe e dalla a beixar, e logo trázalle coela unha cruz nas cosas, decindo unha oración...”*⁴⁵. Tamén se utiliza noutros pertencentes a outras rexións e nacionalidades. *“ En el santuario de S. Martín (Azcoitia- Guipúzcoa) durante la misa se da a besar la reliquia del santo titular”*⁴⁶. Finalmente segue empregándose noutras nacións, nas que segue habendo un forte contido relixioso de base cristián. *“ En muchos santuarios bretones los romeros besan las reliquias expuestas delante del coro”*⁴⁷. *“Los romeros portugueses, al terminar la misa, se agolpan para besar las imágenes del santo”*⁴⁸.

⁴³ O crego da parroquia impón tamén ós devotos a advocación da Virxe da Cabeza.

⁴⁴ MOREIRAS SANTISO, Xosé. *Ob. cit.*, páx. 64.

⁴⁵ RISCO, Vicente. “Etnografía: Cultura Espiritual”, en *Historia de Galicia* dirixida por Ramón Otero Pedrayo, Tomo 1, 1979, páxs. 380-381.

⁴⁶ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.*, 1987, páx. 171.

⁴⁷ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.*, 1987, páx. 170.

⁴⁸ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.*, 1987, páx. 170.

2.2.2. O RITUAL DA CIRCUNVALACIÓN.

En chegando ó santuario, os devotos entran en contacto co sagrado. Isto motiva que dean unha ou máis voltas ó redor do mesmo, levando nas súas mans unha imaxe pequena do Santo ou a Virxe. “*Eu hai corenta anos que traigo catro velas e ofrezco unha misa. Tamén dou unha volta a capilla co santiño*”⁴⁹. Antano viñan persoas con animais ofrecidos: vacas e terneiros e daban unha ou máis voltas ó redor do recinto sagrado. Algúns devotos daban unha volta ó santuario de xeonllos e cos pes descalzos cunha finalidade purificadora.

2.2.3. O RITUAL DA PARTE POSTERIOR DO ALTAR.

Na parte posterior do altar do santuario hai unha superficie oca pola que pasan aínda algúns devotos encollidos coa finalidade de curar as doenzas reumáticas. Segundo testemuñas hai que dar nove voltas ó altar para curar estas doenzas. O número nove é múltiplo de tres, ámbolos dous impares, e tanto un coma outro están relacionados en cantidade de rituais máxico-relixiosos de prevención contra o mal.

“*El número 9, clave del embarazo fecundo de mujeres, vacas*



Unha devota o carón da fonte do santuario, levando nas súas mans unha imaxe do S. Xián

y bestas, es el que preside mayoritariamente el número de veces que ciertos rituales deben ser repetidos: dando nueve vueltas; rezando, cortando o echando al fuego nueve veces; repitiendo nueve días..”⁵⁰. “*Nove ondas han de se recibir na Lanzada, nove litros de auga usáanse para curar a sarna; auga de nove fontes para curar o bocio...*”⁵¹.

2.2.4. O RITUAL DA FONTE.

Antano o carón do santuario do S. Xián (S. Julián) (Baltar) había tres fontes, cada unha das cales tiña unha función específica. “*Hai uns quince anos había al lado de la capilla tres fontes: unha que era para curar a vista, outra a sarna e a outra todo tipo de dolores corporais. Os panos*

poníanse o lado das fontes...”⁵². Sen embargo outras persoas afirmaban a existencia de dúas fontes coas súas funcións propias. “*Junto a la ermita de S. Xulián existen dos fuentes: una se aplica para el reuma y la otra para los dolores de la cabeza*”⁵³. Na actualidade hai unha fonte, que leva o nome do santo. Nela un importante número de devotos realizan os seguintes ritos:

1º. RITO CURATIVO DE DIVERSAS DOENZAS HUMANAS.

Este rito consta de dúas partes:

1.1. Os devotos, que acoden á fonte, lavan cuns panos aquelas partes doentes dos seus corpos. As doenzas están relacionadas preferentemente coa pel, ollos, osos... “*A auga é*

⁴⁹ Informante: Ermitas Sánchez, da Ponte de Outeiro (Castro de Rei).

⁵⁰ FERNÁNDEZ DE ROTA, José Antonio. *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Madrid: Siglo XXI, 1984, pág. 247.

⁵¹ TABOADA CHIVITE, Xesús. *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo: Ed. Galaxia, 1972, pág. 126.

⁵² Informante: Emérito Darriba Castro.

⁵³ RIELO CARBALLO, Nicanor. “BALTAR. Pastoriza”, en *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. I, 1976, pág.. 169.



Na procesión, as dúas imaxes do S. Xián son levadas en andas por devotos da freguesía

boa para lavar a cara, xa que tengo manchas na cara, porque me da alerxia o sol”⁵⁴. “Hai anos que eu veño ó santuario e lavo as maos, os ollos. Veo que hai personas que lavan la cabeza, los oídos...”⁵⁵. El agua mata por excelencia porque disuelve, suprime toda forma, borra el pasado, pero también regenera, porque la disolución va seguida de un nuevo nacimiento⁵⁶. “El contacto con el agua implica siempre una regeneración no sólo porque la

disolución va seguida de un nuevo nacimiento, sino también porque la inmersión fertiliza y multiplica el potencial de vida”⁵⁷.

1.2. Os panos déixanse colgados por riba das silvas e nas ramas das árbores, habendo a crenza de que axiña que os panos vaian podrecendo as enfermidades das persoas, que realizaron o rito, irán desaparecendo.

2º. Hai devotos que levan a auga en botellas para as súas casas, empregándoa nas doenzas das persoas e animais. “Eu levoa porque dicen que é moi boa para bendicir ós animais, que é como auga bendita, e bótase nas cortes ou por riba do lombo dos animais...”⁵⁸. “Collo a auga nunha botella para me lavar as veces as maos porque teño moita reuma”⁵⁹. Na actualidade este ritual da fonte segue usándose noutros santuarios da provincia de Lugo entre os que sinalo os seguintes: santuarios do

S. Bernabé (Martín-Baleira), da Virxe de Conforto e do S. Pedro Fiz (A Pontenova), da Nosa Sra.



Dúas devotas realizan o ritual de circunvalación ó redor do santuario. Unha delas leva nas súas mans a imaxe do santo

das Virtudes (Pedrafita-O Corgo), da Virxe da Leite (Samabreixo-Palas de Rei) ...⁶⁰. A purificación mediante o lavado lévase a cabo en moitos santuarios galegos como o da Nosa Señora das Angustias da Golada, o da Nosa Señora de Montetorán...⁶¹. O mesmo sucede noutros santuarios españois como o da Sta. Mariña das Augas Santas (Córdoba), o da Nosa Sra. das Angustias de Granada, o

⁵⁴ Informante de Saldanxe (A Pastoriza).

⁵⁵ Informante: José María Folgueira Rodríguez.

⁵⁶ FIDALGO SANTAMARIÑA, J. Antonio. *Antropología de una parroquia rural*. Ourense: Cuadernos do Laboratorio Ourenán de Antropoloxía Social, Serie Galicia Campesina 1, 1988, páx. 202.

⁵⁷ ELIADE, Mircea. *Lo Sagrado y lo profano*. Barcelona: Ed. Labor, 1967, páx. 112.

⁵⁸ Informante da Ponte de Outeiro (Castro de Rei).

⁵⁹ Informante de Pousada (A Pastoriza).

⁶⁰ BLANCO PRADO, José Manuel. *Ob. cit.*, 1996, páx. 35.

⁶¹ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.*, 1987, páx.. 245.

do S. Isidro de Madrid...⁶². En Bre- taña (Francia) podemos falar entre outras da fonte de Barentón, a fonte de Blanche...⁶³. As augas de certas fontes son salutíferas non en virtude da súa singularidade química, senón que son augas comúns, pero dota- das dese poder sagrado⁶⁴. A auga ó estar sacralizada posibilita resultados positivos na curación e prevención de enfermidades. “ *En si mismos, la fuente o el río revelan incesantemente su peculiar fuerza sagrada...* ”⁶⁵.

O culto primitivo ás fontes foi incorporado ó credo cristián no momento da entrada do cristianismo en Galicia. Isto foi posible cons- truíndo capelas no seu contorno, como medida para tentar erradicar da memoria dos seus habitantes cal- quera pervivencia pagá. Polo tanto a nova relixión adaptouse na medida do posible ós cultos ancestrais –cri- ticados polo arzebispo de Braga S. Martiño Dumiense⁶⁶– coa finalidade de gañar adeptos para a súa causa, polo cal cristianizou tódalas pedras, fontes, manantiais etc.

“ *Ciertos rituales llevados a cabo en torno a una serie de piedras,*

fuentes, bosques, etc. fueron aprove- chados por el cristianismo siempre que posibles rendimientos los justifi- casen. Así, tenemos que siempre que una gran mayoría tuviera arraigada tal costumbre, los sacerdotes modi- ficaban aquella para adaptarla a su religión. De esta forma, se ase- guraban la permanencia del culto y la no desviación en masa ”⁶⁷. Por outra banda o achegamento á auga e ás fontes como hierofanía non é unha novidade xa que está presente en tódalas culturas arcaicas e mesmo antigas. O mesmo cristianismo reco- lleuna como elemento primario do sacramento de iniciación á fe: o Bautismo⁶⁸.

B. OUTRAS PROMESAS ESPECÍFICAS.

1. AS MISAS.

A misa é unha das promesas básicas, que levan a cabo os devo- tos nos santuarios ós que acoden. Esta ofrenda é anotada nun libro polo párroco ou por un fregués da parroquia, na que está situado o recinto sagrado. No santuario do S.



Logo da misa solemne sae a procesión, que percorre o perímetro do santuario.

Xián (Baltar) os devotos ofrecen aproximadamente unhas 60 misas durante todo o ano; o seu custo é de 1000 ptas⁶⁹. Todas as misas ofi- ciais o párroco de Baltar na capela do S. Xián, onde dúas veces ó mes, coincidindo coa véspera da feira de Meira, celebra algunha misa; nesta data tamén oficia misas na capela do S. Bieito.

⁶² MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.*, 1987, páxs. 243-244.

⁶³ GWENC' HLAN, Le Scouezec. *Le Guide de la Bretagne*. Braspars:Ed. Beltan, 1989, páxs. 407 e 472.

⁶⁴ CHAO REGO, Xosé. *O Libro da Auga*. Sada: Ed. do Castro, 1995, páx. 276.

⁶⁵ ELIADE, Mircea. *Tratado de Historia de las Religiones*. Madrid: Instituto de Estudios Políticos, 1954, páx. 195.

⁶⁶ BOUZA BREY, Fermín. *Etnografía y Folklore de Galicia*. Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1982, p. 228.

⁶⁷ DE FRUTOS GARCÍA, Pedro. *Leyendas Gallegas (III)*. Madrid: Ed. Tres. Catorce. Diecisiete, 1981, páx. 23.

⁶⁸ CEBRIÁN FRANCO, Juan José. *Santuarios de Galicia. Diócese de Santiago de Compostela*. Santiago: Arzobispado de Santiago, 1982, páx. 14.

⁶⁹ No ano 1999.

2. OFRENDA EN METÁLICO.

Na actualidade é a máis usual en tódolos santuarios do municipio. Lévese a cabo dos seguintes xeitos:

2.1. Os devotos, logo de poñer o santo, deixan unha esmola nunha bandexa ou boeta, que se encontra ó carón do poñente.

2.2. Un sancristán ou fregués da parroquia vai recollendo nunha bandexa ou petitorio a esmola dos devotos, que asisten á misa.

3. OS EXVOTOS DE CERA.

3.1. AS FIGURAS DE CERA.

Estes exvotos son obxectos artesanais, que simbolizan a una serie de animais: cochos, eguas, vacas, así como ó corpo humano e algunhas das súas partes: brazos, mans, pernas, pés... Estas figuras eran levadas ós santuarios polos devotos en testemuña do seu agradecemento pola influencia benéfica que o Santo-a, Virxe...exerceu na cura de diferentes doenzas humanas e animais. “*Hai un tipo especial de ofrenda, os exvotos, que serven como sinal e lembranza do beneficio recibido*”⁷⁰. “*Estes exvotos foron e son moi abundantes en case todos os centros de romaría e permanecen expostos no altar como mostra das peticións feitas e como manifestación pública*

do poderío e capacidade de convocatoria do santo”⁷¹.

No retablo central do santuario do S. Xián (S.Julián) aínda encontramos varias figuras de cera: dúas cabezas humanas, ofrecidas á Virxe da Cabeza, e outras partes do corpo humano. No Museo de Pontevedra hai unha serie de terracotas procedentes do santuario itálico de Calvi, situado na Campania. Neste santuario dedicáronse moitos exvotos ós deuses itálicos durante varios séculos. Destacan as cabezas de homes e mulleres, algúns animais: cochos, vacas. A maioría destas terracotas, feitas con molde, estiveron policromadas, sendo interesante comprobar a súa semellanza cos exvotos de cera que aínda se ofrecen en bastantes santuarios⁷².

3.2. AS CANDEAS E VELÓNS.

Na actualidade os devotos ofrecen candeas e “velóns” ou cirios pequenos, que teñen un prezo de dúascentas ptas.⁷³. Adoitan estar acesos no interior da capela ata que rematan os diferentes oficios relixiosos.

4. PROMESAS ESPECIAIS.

Hai bastantes anos, cando a capela estaba desprotexida de vexetación, era moi común prantar

árbores por ofrenda. Un exemplo curioso témolo por baixo da capela, onde aínda hai un carballo, que foi prantado por José Fernández e Xerardo Uz. O nome dos dous ofrendantes figura no interior dunha botella, que se encontra na raíz da árbore.

C. FEITO TRANSCENDENTAL LIGADO Ó SANTUARIO.

No século pasado, cometeu-se a finais da década dos trinta un asasinato no interior da capela. O seu autor –segundo testemuñas– marchou a Portugal para eludir a acción da xusticia. Iste feito deu lugar a que a capela tivese que ser bendicida de



O rematar a procesión, as imaxes de devoción son introducidas polos seus portadores no interior do recinto sagrado

⁷⁰ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Ed. Xerais, 2000, pág. 494.

⁷¹ GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M. *Ob. cit.*, 1997, páxs. 133-134.

⁷² BLANCO PRADO, José Manuel. *Ob. cit.*, 1996, páxs. 47- 48.

⁷³ Anos 1999-2000.

novo polo bispo da diócese de Mondoñedo-O Ferrol ⁷⁴

Por outra banda no municipio da Pastoriza hai ademais outros santuarios:⁷⁵

1. O do S. Cosme, situado no lugar da Castiñeira, parroquia de Sta. María de Bretoña. A súa festividade conmemórase os días 27 e 28 de setembro.

2. O do S. Adriano, emprazado no lugar de Fitoiro, parroquia de Sta. María de Bretoña. Celébrase a súa festividade o terceiro domingo de xuño.

3. O do S. Antón Abade, situado no lugar de Miñotelo, parroquia de Aguada. Os actos festivos lévanse a cabo o sábado inmediato á festividade litúrxica do santo.

4. O do S. Cidre (S. Isidro), emprazado no lugar de Tellán, parroquia de S. Miguel de Saldanxe. O 15 de maio ten lugar a festividade do santo.

5. O da Trindade, situado no lugar da Pena, parroquia de Sta. María de Vián. A súa festividade conmemórase o segundo domingo de xuño.

⁷⁴ Informante: José Tejeda Canto, de Castro de Rei, 71 anos.

⁷⁵ Os mapas foron realizados polo delineante José Cancio Fernández.